



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA Ó PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Dona María Pilar García García BNG
Don José Brenlla Castiñeira BNG
Don Germán Pérez Freire BNG
Dona Natalia Espasandín Pazos BNG
Don Manuel García Velo BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo BNG
Don David Rial Montes PP
Don José David Gómez Brandariz PP
Dona Sheila Rial Mata PSOE

Ausentes:

Don José Martín Cundíns Suárez PP

Secretaria:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Interventora:

Dona Laura Rodríguez Arranz

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO DÍA 11.09.2025

En Zas, o día 11 de setembro de 2025, ás dez horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde Don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria, da interventora e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria urxente do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Ratificación da urxencia

O Sr. Alcalde explica que a urxencia deriva de que se acaba o prazo de presentación do plan de obras da Deputación e que tamén queremos cumprir co prazo de aprobación da Conta Xeral.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade dos presentes (7 votos a favor do BNG, 2 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE).

SEGUNDO.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral 2024

O Sr. Alcalde da lectura á proposta e explica que a Conta Xeral fai referencia a un resumo dos aspectos económicos do Concello.

“O PLENO DO CONCELLO

Formada a Conta Xeral do ano 2024 pola Intervención Municipal, e comprobados todos os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

documentación anexa á mesma e esixida pola lexislación vixente e as bases de execución do orzamento do Concello de Zas.

Considerando o anteriormente exposto, visto o informe da Interventora Municipal relativo á mesma data 19 de Junio de 2025, así como o informe de intervención de data 21 de abril de 2025 ao que se refire o art. 37 do Real Decreto 424/2017 e en aplicación do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas da Sesión de data 26 de Xuño de 2025

E visto que transcorreu o prazo de exposición publica sen que se presentaron reclamacións, reparos ou observacións,

Proponse ao Pleno do Concello de Zas, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a conta xeral do exercicio 2024

SEGUNDO. Que a mesma sexa remitida ao Consello de Contas pola interventora municipal

TERCERIO. Tomar coñecemento do informe da interventora municipal de data 21 de abril de 2025 ao que se refire o art. 37 do Real Decreto 424/2017"

Ningún dos voceiros toma a palabra.

Sometido a votación, por 7 votos a favor dos concelleiros do BNG e 3 abstencións, 2 dos concelleiros do PP e 1 da concelleira do PSOE, adóptase o seguinte acordo,

"PRIMEIRO. Aprobar a conta xeral do exercicio 2024

SEGUNDO. Que a mesma sexa remitida ao Consello de Contas pola interventora municipal

TERCERIO. Tomar coñecemento do informe da interventora municipal de data 21 de abril de 2025 ao que se refire o art. 37 do Real Decreto 424/2017"

TERCEIRO.- Aprobación, se procede do "POS+ADICIONAL 2/2025"

Toma a palabra o Sr. Alcalde e explica o proxecto que se pretende realizar coa subvención da Deputación "POS+ADICIONAL 2/2025", manifestando que se trata de



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

arranxos de cunetas e bacheos. Posteriormente realiza unha breve lectura da proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña.

Vistas as bases da convocatoria e dado que o Concello pretende participar no mesmo.

En virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 21.1, propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**,

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostíbeis non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostíbeis SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostíbeis novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
MELLORA DE PISTAS PARA ACCESO A NÚCLEOS EN ZAS, BAILO E RESTO DE PARROQUIAS	236.864,50 €	0,01€		0,01 €	236.864,51 €



TOTAL	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €
TOTAL	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O voceiro do PP, D. David Gómez Brandariz, pregunta se están as actuacións repartidas por todo o Concello? e solicita, que se teñan en conta os rogos realizados noutros plenos para a mellora e arranxo das vías municipais.

Sometido a votación, adóptase por unanimidade dos presentes (7 votos a favor do BNG, 2 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) o seguinte acordo,

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
MELLORA DE PISTAS PARA ACCESO A NÚCLEOS EN ZAS, BAI O RESTO DE PARROQUIAS	236.864,50 €	0,01€		0,01 €	236.864,51 €
TOTAL	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2025	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
2ª FASE					
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €
TOTAL	236.864,50 €	0,01€		0,01€	236.864,51 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 10.20 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,
A Secretaria

VºPr.
O Alcalde



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

Isabel Outeiriño Sánchez

Manuel Muíño Espasandín